

Desde o Departamento de Orientación dámosvos unha serie de consellos para traballa-la linguaxe oral cos [vos@s fill@s](#) estes días na casa, aproveitade todos aqueles momentos para falar, e facer que o neno vos conte cousas de forma coherente.

Cando vos dirixades a eles empregade un vocabulario axeitado e unha coherencias nas frases que lle estades a dicir, recordándolles a importancia de que pronuncien correctamente e con unha boas estruturas gramaticais, sen corrixir en exceso pero tampouco dando por válido cando esté mal.

A lectura de contos e falar posteriormente sobre o mesmo e facer preguntas sobre o seu contido ó igual que facer un debuxo sobre o conto lido, son actividades apropiadas e máis levadeiras.

Para traballar atención, grafomotricidade, lectoescritura e matemáticas recomendámosvos a web www.orientacionandujar.es onde podedes descargar actividades para realizar cos nenos.

Sería recomendable traballar a través do xogo e con actividades lúdicas, como o xogo da oca, o dominó, o parchís.